

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0848	Peiteado e estilismo masculino	2023/2024	0	80	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA VARELA PENA
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.
RA2 - Deseña estilos de barba e bigote, utilizando técnicas de visaxismo e de tratamento da imaxe.
RA3 - Realiza o arranxo de barba e o bigote, utilizando os medios técnicos e os utensilios adecuados.
RA4 - Realiza técnicas previas e coidados complementarios ao rasurado, relacionando as características da pel cos tratamentos estéticos adecuados.
RA5 - Aplica técnicas de rasurado da barba, interpretando o procedemento de traballo e seguindo as condicións hixiénico-sanitarias.
RA7 - Realiza corte e acabado de cabelo, integrando técnicas de estilismo masculino.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.7 Identificáronse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.
CA1.8 Describíronse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA1.11 Identificáronse as posturas corporais adecuadas para previr accidentes e lesións profesionais.

Crterios de avaliación do currículo
CA1.13 Recoñeceuse a importancia da utilización de material dun só uso.
CA2.3 Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba e o bigote.
CA2.4 Deseñáronse bosquejos con estilismos de barba e bigote.
CA2.5 Caracterizáronse os programas de tratamento da imaxe a través de medios informáticos.
CA3.3 Describiuse e aplicouse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote.
CA4.1 Determináronse as características do pelo da barba e do bigote.
CA4.3 Establecéronse as medidas de atención á clientela.
CA4.4 Especificáronse as medidas de protección á persoa usuaria.
CA4.5 Xustificáronse as técnicas de preparación da pel antes do rasurado.
CA5.7 Determináronse as técnicas de finalización de rasurado.
CA5.9 Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.
CA7.1 Definíronse os estilos de corte masculino.
CA7.4 Establecéronse os parámetros para a realización do corte.
CA7.6 Establecéronse os criterios de selección dos produtos específicos para conseguir o acabado pretendido.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Deseña estilos de barba e bigote, utilizando técnicas de visaxismo e de tratamento da imaxe.
RA3 - Realiza o arranxo de barba e o bigote, utilizando os medios técnicos e os utensilios adecuados.
RA4 - Realiza técnicas previas e coidados complementarios ao rasurado, relacionando as características da pel cos tratamentos estéticos adecuados.
RA5 - Aplica técnicas de rasurado da barba, interpretando o procedemento de traballo e seguindo as condicións hixiénico-sanitarias.
RA6 - Aplica técnicas asociadas ao estilismo facial masculino, diferenciando formas de realización e efectos conseguidos.
RA7 - Realiza corte e acabado de cabelo, integrando técnicas de estilismo masculino.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Acondicionáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
CA1.3 Mantivéronse as instalacións e os espazos en condicións de seguridade e hixiene.
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA1.7 Identificáronse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.10 Aplicáronse as medidas de protección e seguridade do profesional.
CA1.12 Seleccionáronse os cosméticos en función da técnica de peiteado e barbaría.
CA1.14 Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
CA1.15 Aplicáronse os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
CA1.16 Aplicouse a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA2.1 Establecéronse as pautas de análise do rostro a través do visaxismo.

CA2.2 Caracterizáronse estilos de barba e bigote.

CA2.3 Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba e o bigote.

CA2.6 Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote.

CA3.1 Establecéronse medidas de acomodación e protección persoal atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.

CA3.2 Seleccionáronse as técnicas para diminuír a densidade pilosa da barba e do bigote.

CA3.3 Describiuse e aplicouse o procedemento para diminuír a densidade pilosa da barba e o bigote.

CA3.4 Utilizouse tesoiras, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote.

CA3.5 Comparouse o resultado do arranxo de barba e o bigote coas expectativas establecidas.

CA3.6 Seleccionáronse técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote.

CA3.7 Realizouse a avaliación do resultado e a súa simetría.

CA4.1 Determináronse as características do pelo da barba e do bigote.

CA4.2 Identificáronse alteracións estéticas na zona.

CA4.3 Establecéronse as medidas de atención á clientela.

CA4.6 Aplicáronse tratamentos estéticos previos ao rasurado.

CA4.7 Aplicouse masaxe específico para preparar a pel.

CA5.1 Seleccionáronse as técnicas para o rasurado: navalla, máquinas dun só uso, máquinas eléctricas, etc.

CA5.2 Seleccionáronse utensilios e preparáronse os cosméticos para a humectación da barba.

Crterios de avaliación do currículo
CA5.3 Manexouse a brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución.
CA5.4 Manexouse a navalla seguindo criterios de seguridade.
CA5.5 Manexáronse adecuadamente as máquinas dun só uso e eléctricas.
CA5.6 Executáronse as manobras do rasurado na orde establecida.
CA5.7 Determináronse as técnicas de finalización de rasurado.
CA5.8 Aplicáronse tratamentos posteriores ao rasurado.
CA6.1 Seleccionáronse técnicas para a depilación de cellas e outras zonas faciais.
CA6.2 Configuráronse patillas e acabamentos do pescozo e a caluga.
CA6.3 Seleccionáronse a técnica e os utensilios adecuados.
CA6.4 Aplicáronse técnicas de definición de acabado do pescozo e as patillas.
CA6.5 Verificouse o resultado a través da súa simetría.
CA6.6 Realizáronse cambios de cor en estilismos masculinos.
CA6.7 Utilizáronse produtos e materiais adecuados.
CA6.8 Seleccionáronse técnicas para realizar acabamentos de fantasía.
CA6.9 Deseñáronse estilismos masculinos innovadores.
CA7.2 Seleccionouse a técnica segundo os utensilios de corte.
CA7.3 Configurouse o corte en función das características do cabelo e a morfoloxía de rostro e do cranio.
CA7.5 Realizouse o corte de cabelo segundo os criterios establecidos.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA7.7 Realizáronse acabamentos e peiteados masculinos.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os Mínimos esixibles globais serán:

- Acondicionar as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.
- Recoñecer os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.
- Manter as instalacións e os espazos en condicións de seguridade e hixiene.
- Detallar as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
- Simular a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
- Valorar a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
- Identificar as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.
- Describir as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
- Coidar a imaxe do profesional.
- Aplicar as medidas de protección e seguridade do profesional.
- Identificar as posturas corporais adecuadas para previr accidentes e lesións profesionais.
- Seleccionar os cosméticos en función da técnica de peiteado e barbaría.
- Recoñecer a importancia da utilización de material dun só uso.
- Manexar con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
- Aplicar os métodos máis adecuados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.
- Aplicar a normativa actual para o control de residuos e utensilios cortantes
- Analizar o rostro a través do visaxismo.
- Caracterizar estilos de barba e bigote.
- Correxir as desproporcións estéticas do rostro a través da barba e o bigote.

- Deseñar bosquexos con estilismos de barba e bigote.
- Usar programas de tratamento da imaxe a través de medios informáticos.
- Propor cambios de imaxe do rostro masculino mediante transformación de barba e bigote.
- Establecer medidas de acomodación e protección persoal atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
- Seleccionar técnicas para diminuír a densidade pilosa da barba e do bigote.
- Aplicar o procedemento para disminuír a densidade pilosa da barba e o bigote.
- Utilizar tesoiira, navalla ou máquina para delimitar o contorno da barba e/ou o bigote.
- Comparar o resultado do arranxo de barba e o bigote coas expectativas establecidas.
- Seleccionar técnicas de finalización do proceso de arranxo de barba e bigote.
- Avaliación do resultado e a súa simetría
- Determinar as características do pelo da barba e do bigote. Identificáronse alteracións estéticas na zona.
- Establecer medidas de atención á clientela.
- Especificación das medidas de protección á persoa usuaria.
- Xustificar as técnicas de preparación da pel antes do rasurado.
- Aplicar tratamentos estéticos previos ao rasurado.
- Aplicar a masaxe específico para preparar a pel.
- Seleccionar técnicas para o rasurado: navalla, máquinas dun só uso, máquinas eléctricas, etc.
- Seleccionar utensilios e preparar os cosméticos para a humectación da barba.
- Manexar a brocha e/ou cosméticos segundo o modo e a orde de execución.
- Manexar a navalla seguindo criterios de seguridade.
- Manexar adecuadamente as máquinas dun só uso e eléctricas.
- Executar as manobras do rasurado na orde establecida.
- Determinar as técnicas de finalización de rasurado.
- Aplicar tratamentos posteriores ao rasurado.
- Formular medidas de actuación en caso de emerxencias ou reaccións inesperadas por irritacións, alerxias ou cortes.
- Seleccionar técnicas para a depilación de cellas e outras zonas faciais.
- Perfilar patillas e acabamentos do pescozo e a caluga.
- Seleccionar a técnica e os utensilios adecuados.
- Aplicar técnicas de definición de acabado do pescozo e as patillas. Verificar o resultado a través da súa simetría.
- Realizar cambios de cor en estilismos masculinos. Utilizar produtos e materiais adecuados.
- Seleccionar técnicas para realizar acabamentos de fantasía.



- Diseñar estilismos masculinos innovadores.
- Definir os estilos de corte masculino.
- Seleccionar a técnica segundo os utensilios de corte.
- Configurar o corte en función das características do cabelo e a morfoloxía do rostro e do cranio.
- Establecer os parámetros para a realización do corte.
- Realizar o corte de cabelo segundo os criterios establecidos.
- Establecer os criterios de selección dos produtos específicos para conseguir o acabado pretendido.
- Realizar acabamentos e peiteados masculinos

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :**

Emitirase unha cualificación final que resultará da nota media ponderada das cualificacións obtidas nas dúas partes da proba. Para acadar a cualificación positiva o alumnado deberá obter un 5 sobre 10, ou de ser o caso a media da nota asignada en cada unha das partes a avaliar, de non ser o caso o alumnado terá esa parte suspensa e polo tanto o módulo suspenso.

As probas serán de carácter eliminatorio, polo que se o alumnado non supera a primeira proba non poderá realizar a segunda proba.

Para avaliar se se acadou a avaliación positiva do módulo dispórase dunha serie de instrumentos de avaliación que estarán relacionados cos Criterios de Avaliación que se empregarán para avaliar.

**Instrumentos de avaliación:****- PROBA ESCRITA: + MODELO DE SOLUCIÓN**

- Estará relacionada cos contidos conceptuais e procedementais e realizaranse a través dunha batería de preguntas curtas, longas a desenrolar, tipo test ou bosquejos .
- Terá un peso na cualificación final do módulo do 30%..
- O tempo máximo para realizar a proba será de 90min.

**- PROBA PRÁCTICA:**

- LISTAS DE COTEXO: empregaranse Rúbricas .
- \_ Terá un peso na cualificación final do módulo do 70%
- O tempo máximo para realizar a proba será de 170 min.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

###### PROBA ESCRITA + MODELO DE SOLUCIÓN

- Esta proba valorarase de 0 a 10, onde o 5 será a nota mínima para acadar a cualificación positiva da proba.
- É unha proba de carácter eliminatorio.
- Constará dunha batería de preguntas curtas ou longas e bosquejos e dun modelo de solución para corrixir dita proba.

Material : - Bolígrafo negro ou azul

- Lapis e goma de borrar (estes so poderán ser empregados para os deseños dos bosquejos)

O alumnado que sexa collido copiando na proba escrita terá unha cualificación dun 0 en dita proba e polo tanto, esta proba suspensa polo que, non poderá presentarse a seguinte proba e o módulo quedará suspenso

##### 4.b) Segunda parte da proba

Proba práctica cunha temporalización para o seu desenrolo de 170 min. de duración máxima e constará de dúas partes.

Parte A: constará dun corte de cabelo en modelo real (empregando diferentes técnicas de corte e acabado, así como, empregando diferentes ferramentas e útiles, segundo o resultado final a acadar). (50 min.)

- Será cualificada de 0 a 10 e terá un peso do 50% da nota final da proba

Parte B: constará dun rasurado, arranxo ou deseño de barba e bigote e a depilación de células sobre modelo real. ( 120 min.)

- Será cualificada de 0 a 10 e terá un peso 50% da nota final da proba.

. Deberanse aplicar as medidas de seguridade, desinfección e esterilización antes durante e despois da proba.

- As zonas de traballo deberán quedar limpas e recollidas despois de cada proba.

- Será obrigatorio que para estas probas o alumnado traia un modelo real, o material e os útiles necesarios para a súa realización, de non traer parte do material ou o modelo real quedará automaticamente avaliada esta proba cunha nota dun 0

--